



ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CCOO, CSI-F E UGT PARA A ESTENSIÓN DO DEREITO A PERCIBIR O CONCEPTO RETRIBUTIVO ADICIONAL DO ARTIGO 12.3 DA LEI 14/2006 NA PARTE PROPORCIONAL Á PRESTACIÓN DE SERVIZO DO 1 DE XANEIRO AO 28 DE FEBREIRO DE 2013.

O persoal laboral da Xunta de Galicia que se rexe polo V Convenio Colectivo está afectado por unha resolución xudicial de conflito colectivo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que veu a declarar o dereito dos traballadores a percibir o concepto retributivo adicional do artigo 12.3 da Lei 14/2006 na parte proporcional á prestación de servizos do 1 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2013. Idénticos pronunciamentos teñen acadado a título individual algúns funcionarios da Xunta de Galicia e algúns profesionais de réxime laboral de determinadas entidades que forman parte do sector público de Galicia.

As organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos veñen solicitando reiteradamente á administración, entre outras cuestións, que estenda os efectos destas resolucións xudiciais con carácter universal tanto aos demais colectivos de persoal laboral das entidades do sector público de Galicia como á totalidade do persoal funcionario, estatutario e laboral do ámbito administrativo, sanitario e do ensino, incluíndo ao persoal das Universidades e tamén a aqueles traballadores do ensino concertado cuxas retribucións veñen determinadas por referencia ao persoal do ensino público.

A Xunta de Galicia entende que esta extensión evita que cada traballador se vexa obrigado a formular reclamacións individuais, o que propicia unha igualdade de trato no réxime retributivo para todos estes colectivos de profesionais. Por outra banda, tamén comporta un tratamento salarial e fiscal homoxéneo para o conxunto dos empregados públicos de Galicia.

Por esta razón, a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CCOO, CSI-F e UGT, todas elas representadas na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos asinan o presente

ACORDO

Primeiro.- O presente acordo ten por obxecto a extensión do dereito a percibir o concepto retributivo adicional do artigo 12.3 da Lei 14/2006, na parte proporcional á prestación de servizos do 1 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2013 para o persoal laboral das entidades do sector público de Galicia como á totalidade do persoal funcionario, estatutario e laboral do ámbito administrativo, sanitario, xustiza e do ensino, incluíndo ao persoal das Universidades e tamén a aqueles traballadores do ensino concertado cuxas retribucións veñen determinadas por referencia ao persoal do ensino público.



Segundo.- Para os efectos da extensión que constitúe o obxecto do presente acordo, a Xunta de Galicia comprométese a elaborar un anteproxecto de lei que realice esta extensión e a presentalo no Parlamento para a súa tramitación no actual período de sesións.

Terceiro.- O contido do dito anteproxecto de lei axustarase ás seguintes bases:

- a) O persoal do sector público autonómico definido no artigo 13 seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma para o ano 2012, que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do ano 2013, percibirá nas anualidades de 2016 e de 2017 a cantidade necesaria para acadar a remuneración total con carácter extraordinario en concepto de recuperación dos importes deixados de percibir durante o ano 2013 en aplicación do axuste retributivo aprobado pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no mencionado período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.
- b) O importe total desa recuperación será proporcional ao número de días en activo nos meses de xaneiro e febreiro de 2013 respecto ao total anual da redución retributiva da que fora obxecto o empregado público ao longo do devandito ano. Naqueles casos en que non se estivese en activo na totalidade do período a porcentaxe anterior modificarase ao cómputo de días que corresponda.
- c) Para o cálculo das cantidades correspondentes utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico en vigor no momento no que se produciu o axuste retributivo.
- d) As universidades integrantes do sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal as mesmas regras que se determinen para os distintos tipos de Empregados Públicos da Xunta de Galicia.
- e) Co fin de estender a medida ao persoal docente da ensinanza concertada en réxime de pagamento delegado que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, a compoñente dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros educativos concertados “complemento retributivo da comunidade autónoma” incrementarase na mesma contía na a que foron minorados os módulos para o sostemento dos centros concertados en aplicación do artigo 59 e anexo 4 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.
- f) Os importes económicos obxecto do presente acordo acreditaranse en nómina con arreglo á distribución que se indica a seguir:



- O 100 % en 2016

Estas medidas non serán de aplicación ao persoal que teña percibido por calquera concepto as devanditas cantidades.

Cuarto.- A Xunta de Galicia comprométese a recuperar na Lei de orzamentos para 2017 as dúas pagas adicionais do complemento específico ou retribucións equivalentes. Na Administración de Xustiza e no ensino concertado segundo o seu sistema retributivo.

Quinto.- A sinatura do presente documento non implica para as organizacións sindicais asinantes a renuncia ás demais reivindicacións que poidan formularse ante a Xunta de Galicia.

Sexto.- Este acordo será publicado no Diario Oficial de Galicia.

O presente acordo, asínase en proba de conformidade, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

Pola administración:

Conselleiro de Facenda

Director Xeral da Función Pública

Valeriano Martínez García

José María Barreiro Díaz

Polas organizacións sindicais:

CCOO

CSIF

Ramiro Otero Rodríguez

José Francisco Méndez Castro

UGT

Lino Díaz Goas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

